

**REUNIÓN DA COMISIÓN NON
PERMANENTE ESPECIAL DE ESTUDO
SOBRE A REACTIVACIÓN ECONÓMICA,
SOCIAL E CULTURAL DE GALICIA POLA
CRISE DA COVID-19**

Día: 19.10.2020

Hora: 10:30

A Comisión non permanente especial de estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da covid-19, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día **19 de outubro de 2020, ás 10:30** horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

- Punto 1. Aprobación das normas de funcionamento da Comisión.
- Punto 2. Delegación na Mesa da Comisión das facultades previstas nos artigos 44.1 e 143.1 conforme o establecido na resolución da Mesa do Parlamento do 11 de abril de 1986.
- Punto 3. Apertura de prazo para que os grupos parlamentarios poidan formular suxestións para a elaboración dunha proposta de plan de traballo.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 15 de outubro de 2020.

Diego Calvo Pouso
Presidente da Comisión

Diego
Calvo
Pouso

Firmado digitalmente
por Diego Calvo Pouso
Nombre de
reconocimiento (DN):
cn=Diego Calvo Pouso,
email=diego.calvo.pouso
@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2020.10.16
10:15:41 +02'00'

Comisión non permanente especial de estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da covid-19





Asinado dixitalmente por:

Diego Calvo Pouso na data 16/10/2020 10:15:41



RELACIÓN DE MEMBROS DE
**COMISIÓN NON PERMANENTE ESPECIAL DE
ESTUDO SOBRE A REACTIVACIÓN ECONÓMICA,
SOCIAL E CULTURAL DE GALICIA POLA CRISE
DA COVID-19**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Diego Calvo Pouso

P

Vicepresidenta

María Encarnación Amigo Díaz

P

Secretaria

Noa Presas Bergantiños

BNG

Vogais

Gonzalo Caballero Miguez

S

Paloma Castro Rey

S

José Alberto Pazos Couñago

P

Ana Pontón Mondelo

BNG

Paula Prado del Río

P

Pedro Puy Fraga

P

Ovidio Rodeiro Tato

P

Olalla Rodil Fernández

BNG

Miguel Ángel Tellado Filgueira

P

Reunión da Comisión non permanente especial de estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da covid-19

Día: 19.10.2020 Hora: 10:30

Orde do día

1. Aprobación das normas de funcionamento da Comisión.

Proposta de Normas de funcionamento da *Comisión non permanente especial de estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da covid-19*

(Elaborada pola Mesa da Comisión o 15 de outubro de 2020)

I.- Obxecto e duración

Artigo 1

(...)

Artigo 2

A Comisión créase para a concreta función de estudo prevista no artigo 1 e extinguirase ao remate do labor encomendado e, en todo caso, ao concluír a lexislatura.

II.- Organización

Artigo 3

A Mesa é o órgano de goberno da Comisión e terá as seguintes atribucións:

- a) Recompilar todo tipo de información sobre o obxecto da Comisión.
- b) Organizar as actividades que se consideren necesarias para dotar a Comisión de toda a información que sexa de interese para a elaboración do ditame.
- c) Preparar os documentos que deban ser sometidos á deliberación da Comisión.
- d) Proponerlle á Comisión un Plan de traballo, escoitadas as persoas portavoces dos grupos parlamentarios presentes na Comisión e unha vez remitidos por aquelas as correspondentes propostas de plan de traballo.
- e) Executar os acordos tomados pola Comisión.
- f) Aquelas que en calquera momento lle asigne a Comisión.

III.- Funcionamento

Artigo 4

A Comisión será convocada pola súa presidencia, de acordo coa Presidencia do Parlamento, por iniciativa propia, a petición de dous grupos parlamentarios ou dunha quinta parte das deputadas e dos deputados da Comisión.

Artigo 5

1.- A Comisión e a súa Mesa entenderanse validamente constituídas cando asistan a metade máis un das deputadas e dos deputados pertencentes a estes órganos.

2.- Os acordos adoptaranse por maioría.

IV.- Medios de acción

Artigo 6

A Comisión poderá exercer as facultades previstas no artigo 44.1 do Regulamento da Cámara. Estas facultades, atribuídas á Comisión no seu conxunto, poderán delegarse na súa Mesa, ao abeiro do disposto na resolución da Mesa do Parlamento do 11 de abril de 1986.

Artigo 7

A Comisión aprobará un plan de traballo, no que figurará o calendario xeral de actividades.

V.- Ditame

Artigo 8

A Comisión aprobará un proxecto de ditame que conterá as conclusións ás que chegue.

Artigo 9

Se a Comisión designara unha ponencia, esta elaborará o proxecto de ditame.

Artigo 10

Redactado o proxecto de ditame, remitirase á Comisión para o seu debate e, se é o caso, a súa aprobación.

Artigo 11

As deputadas e os deputados da Comisión poderán presentar emendas ao proxecto de ditame dentro dos cinco días hábiles seguintes a súa remisión.

Artigo 12

O proxecto do ditame coas emendas presentadas será obxecto de debate no seo da Comisión, para a súa aprobación definitiva por aquela.

Artigo 13

Os grupos parlamentarios e as deputadas e os deputados da Comisión poderán formular votos particulares ao ditame cando discrepen do seu contido. Os votos particulares deberán presentarse á Mesa da Comisión dentro dos cinco días hábiles seguintes á finalización do ditame.

Artigo 14

1.- O ditame cos votos particulares que houberen seranlles remitidos á Mesa do Parlamento, nos cinco días hábiles seguintes á súa terminación, para os efectos da súa tramitación e aprobación no Pleno, se fose procedente.

2.- O ditame cos votos particulares que houberen, serán publicados no BOPG.

Disposición derradeira

En todo o non previsto nestas normas aplicarase supletoriamente o Regulamento do Parlamento de Galicia.

Reunión da Comisión non permanente especial de estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da covid-19

Día: 19.10.2020 Hora: 10:30

Orde do día

2. Delegación na Mesa da Comisión das facultades previstas nos artigos 44.1 e 143.1 conforme o establecido na resolución da Mesa do Parlamento do 11 de abril de 1986.

Reunión da Comisión non permanente especial de estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da covid-19

Día: 19.10.2020

Hora: 10:30

Orde do día

3. Apertura de prazo para que os grupos parlamentarios poidan formular suxestións para a elaboración dunha proposta de plan de traballo.